

RESOLUCIÓN REITORAL AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL ORGANIZADAS POLO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2025

Vista a solicitude de axuda presentada por Antón Soto Figueroa, unha vez avaliada a documentación achegada, esta vicerreitoría resolve:

- 1.- Conceder unha axuda de **395,95 euros** para o desenvolvemento da seguinte actividade: Xornadas deportivas e dinamizadoras ETSE 2025.
- 2.- A contía concedida destinarase exclusivamente aos conceptos recollidos no orzamento que presentaron. Calquera modificación debe ser presentada para a súa aprobación.
- 3.- Dado que os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados directamente polo centro de gasto da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura aos perceptores últimos, a persoa solicitante será quen de facer as xestións no dito centro de gasto antes de efectuar calquera pagamento, ata completar a contía concedida.
- 4.- Os gastos deben ser executados antes **do 15 de novembro de 2025**.
- 5.- Na difusión das actividades farase constar que foron financiadas ou co-financiadas pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC.
- 6.- No prazo dun mes dende a finalización da actividade aprobada e, en todo caso **antes do 20 de novembro de 2025**, a persoa beneficiaria deberá enviar á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura (vr.estudantes@usc.gal) unha memoria da actividade realizada co contido exixido no Anexo I da presente Resolución con fotografías da actividade realizada.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro

dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de
Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

**(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG
do 26 de abril de 2022)**

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I. MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE				
Persoa responsable:				
Enderezo electrónico de contacto:				
Centro de pertenza:				
Titulación e curso:				
Nome da actividade:				
Código da actividade:				
Obxectivos:				
Memoria da actividade:				
O texto da memoria descritiva deberá incluír información sobre os seguintes elementos: • Descrición da actividade realizada: • Fotografías da actividade: • Datas, horas e lugares: • Nº de centros: • Nº real de participantes: • Medidas para asegurar a equidade de xénero: • Medidas para reducir o impacto ambiental: • Medios de comunicación, difusión da actividade (exemplos) • Instrumentos para a avaliación das actividades (debe ir acompañado de facturas xustificativas)				
Relación de gasto executado:				
Concepto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
Total				

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/04/2025 08:57:11.

CSV: 1ACD-75F8-41F6-ADED